



# ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 25

DO 1 AO 15 DE MAIO 2008

## Contido

### Política comunitaria

A Axenda i2010: unha historia europea de éxito.

Páxina 1

### Programas Europeos

Novas convocatorias.

Convocatorias vixentes.

Páxinas 2-4

### Noticias

A Comisión concédelle un papel ecolóxico ás TIC.

Balance das negociacións sobre os novos programas operativos.

Páxina 5

## Política Comunitaria

### A Axenda i2010: unha historia europea de éxito

Discurso de Viviane Reding, Comisaria responsable de Sociedade da Información e Medios de Comunicación na i2010.  
Conference - Information Society at a Crossroads

[http://ec.europa.eu/information\\_society/eeurope/i2010/benchmarking/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/eeurope/i2010/benchmarking/index_en.htm)

Tras o informe intermedio realizado pola Comisión Europea, a Comisaria informou sobre o progreso da iniciativa i2010, onde principalmente se destacou:

- Os avances en Sociedade da Información víronse acelerados nos últimos dous anos. Neste sentido paga a pena destacar o caso do uso de internet. Hoxe en día, en Europa, máis da metade dos cidadáns da UE, uns 250 millóns, son usuarios habituais de internet, o que provocou que o mercado en liña Europeo sexa o máis grande do mundo. A conectividade a internet incrementouse notablemente nestes anos debido a importantes desenvolvementos en alfabetización dixital e ao uso de sistemas avanzados de banda ancha.
- O sector público experimentou progresos ao poñer en marcha servizos públicos en liña e fomentar o uso das TIC para dar servizos á educación, á saúde e á administración pública de forma eficiente. Hoxe en día o sector público atópase á cabeza no uso de internet, cun 60% dos seus servizos dispoñibles a través da rede.
- Por último, 2007 foi o ano no que as TIC puxéronse na primeira liña da Axenda de Lisboa. Pouco a pouco os gobernos están a entender que é moi necesario o investimento en TIC. Por este motivo, todos os Estados Membros fixeron fincapé na importancia das TIC e máis da metade recoñeceron que as TIC e o investimento en investigación deben conducir á reforma económica dos seus países. Está claro, polo tanto, que as TIC son un elemento crítico para a estratexia de crecemento e emprego da UE. A actual avaliación da Estratexia de Lisboa demostrou que as reformas estruturais producidas están a pagar a pena pois todos os Estado Membros recoñecen agora a importancia das estratexias de TIC e polo menos a metade deles actuaron para intensificar o seu I+D e política de TIC.

A avaliación realizada identifica, non obstante, catro áreas nas que centralizar esforzos:

- Investimento en investigación: O investimento en investigación non alcanzará o obxectivo de Lisboa. O sector de TIC está en baixo rendemento: só os países nórdicos investigaron con intensidade en TIC, mesmo por enriba do nivel de EEUU. Posto

que o sector das TIC conta co 26% do gasto en investigación, resulta crucial para o éxito da investigación europea xuntar esforzos en investigación a nivel europeo e desatar o potencial innovador nos campos das TIC.

- A banda ancha foise desenvolvendo con rapidez e xa hai máis subscritores en Europa que en calquera outra rexión económica. Pero a migración a un sistema de internet de alta velocidade non chegou a callar en Europa, ao igual que sucedeu nos EEUU. Servizos como a televisión por web ou a de alta definición e a descarga de vídeos a alta velocidade, entre outros moitos, requiren de velocidades de descarga moito máis altas que as que Europa ten actualmente. Nesta transición, Europa non pode permitirse quedar atrás e o traballo conxunto debe crear as condicións favorables para este cambio. É por iso que na actualidade se está a preparar unha Recomendación para o Tratamento das Redes de Acceso de Próxima Xeneración.
- Estande a incrementar as distancias entre os Estados Membros da UE. Neste sentido, a Comisión levou a cabo numerosas iniciativas para reforzar o Mercado Único no sector, entre elas, as propostas de reformar as normas de telecomunicación para consolidar o Mercado Único, e a iniciativa Content on Line deseñada para formar un mercado único para a converxencia. Algunhas das prioridades máis inmediatas que se identificaron para a creación deste mercado único de servizos baseados no coñecemento son a provisión interoperable de servizos europeos de eGovernment e o recoñecemento transfronteirizo das sinaturas electrónicas.
- Por último, mentres que o 51% dos europeos usa internet regularmente, os datos tamén nos din que o 40% nunca usa internet. Neste sentido, a Comisión está a traballar para clarificar os dereitos dos usuarios e a protección no medio dixital e publicarase unha guía que explique os dereitos e as obrigas que teñen os usuarios no devandito medio.

Por todo iso, resulta necesario que os Estados Membros que actualmente se atopan demorados en temas de Sociedade da Información dean o salto e fixen esforzos para promover a recuperación e así chegar a ser todos líderes.

## Programas europeos

### Novas convocatorias

#### Artemis

[https://www.artemis-ju.eu/call\\_2008](https://www.artemis-ju.eu/call_2008)

Artemis lanza unha convocatoria de 200 millóns de Euros para a investigación industrial en sistemas de computación encaixados.

En febreiro de 2008 o Consello da Unión Europea, para a execución da iniciativa tecnolóxica conxunta (ITC) sobre sistemas de computación encaixados, crea unha empresa común, denominada «a Empresa Común Artemis», por un período que abrangue ata o 31 de decembro de 2017.

O 8 de maio de 2008, xusto tres meses despois da creación da devandita empresa ponse en marcha a primeira convocatoria de propostas

referente ao programa de traballo do Artemis Joint Undertaking. Os 200 millóns de Euros da convocatoria repártense a partes iguais entre o sector público (Comisión e Estados Membros de Artemis), e o sector privado.

As propostas que se presenten han de contar con polo menos tres participantes de tres Estados Membros de Artemis. As propostas deberán centrarse en investigación industrial e desenvolvemento tecnolóxico nun contexto aplicado. As candidaturas de proxectos poderán presentarse ata o **3 de setembro de 2008** ás 17:00h (hora de Bruxelas)



### Convocatorias vixentes

#### Convocatoria de propostas para accións no campo da eco-innovación dentro do programa marco para a innovación e a competitividade

[http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/library\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/library_en.htm)

Desde o 22 de abril de 2008, a Axencia Executiva de Competitividade e Innovación (AECI) puxo en marcha unha convocatoria de propostas para proxectos piloto e proxectos de aplicación comercial relativos á innovación ecolóxica.

O prazo da convocatoria finaliza o **11 de setembro de 2008**. As propostas deben presentarse de forma electrónica.

O importe total dispoñible para a convocatoria do 2008 é, aproximadamente, de **28 millóns EUR**.

O número agardado de proxectos financiados, de, aproximadamente, **40**; e a taxa de financiamento (% do total de custos elegibles): **40 - 60**



#### SUDOE

<http://www.interreg-sudoe.eu/ESP>

O 14 de abril abriuse a convocatoria para a presentación de candidaturas ao Programa de Cooperación Territorial do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE), Programa que apoia o desenvolvemento rexional por medio do cofinanciamento de proxectos transnacionais a través do FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional). O prazo de presentación de candidaturas finaliza o **15 de xuño de 2008**.

Para responder á estratexia de desenvolvemento seguida polo Programa Operativo SUDOE, establecéronse catro eixes prioritarios:

1. Promoción da innovación e a constitución de redes estabéis de cooperación en materia tecnolóxica.

2. Mellora da sostibilidade para a protección e conservación do medio ambiente e o contorno natural do SUDOE.

3. Integración harmoniosa do espazo SUDOE e mellora da accesibilidade ás redes de información.

4. Impulso do desenvolvemento urbano sostíbel aproveitando os efectos positivos da cooperación transnacional.

O montante FEDER total dispoñíbel ascende a **51.169.908 €** e os beneficiarios desta convocatoria de proxectos poden ser todos os **organismos públicos**.



## Programas europeos

### Convocatorias vixentes

#### Programa de Apoio a políticas en materia de TIC (PAP TIC)

[http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/ict\\_psp/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/ict_psp/index_en.htm)

O Programa de Apoio a Políticas en materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (PAP TIC) é un dos tres subprogramas plurianuais que conforman o Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (PIC).

O PAP TIC ten como obxectivo estimular a innovación e a competitividade a través dun uso xeneralizado e mellor das TIC por parte de cidadáns, empresas e administracións públicas.

As prioridades de actuación que se financiará nesta segunda convocatoria xiran ao redor de tres grandes temas:

#### 1. Un uso máis próximo das TIC en administracións, servizos públicos e inclusión

- 1.1. Preparar a implementación da Directiva de Servizos
- 1.2. Reducir barreiras administrativas na UE
- 1.3. Servizos de urxencia accesibles para todos
- 1.4. TIC para avellentar mellor con problemas cognitivos, combinando tecnoloxía asistencial e independente
- 1.5. Construír capacidades para a e inclusión
- 1.6. Mellorar a certificación de produtos de e-sanidade.

#### 2. TIC para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

- 2.1. TIC para a eficiencia enerxética nos edificios e espazos públicos, incluíndo a iluminación.
- 2.2. TIC para infraestruturas de xestión de transporte urbano adaptado e outros servizos.
- 2.3. Construír consensos e compartir experiencias respecto das TIC, como instrumentos para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

#### 3. Evolución de internet e seguridade: construír consensos e compartir experiencias.

- 3.1. Un esforzo europeo común en Identificación por Radiofrecuencia.
- 3.2. Impulsar o desenvolvemento de IPv6 (tipo de protocolo de Internet) en Europa.
- 3.3. Infraestruturas de información fiables e tecnoloxías biométricas.

Nesta ocasión, hai **tres tipos de actuación** posible, segundo a prioridade na que se desexe intervir. Así, identifícanse:

**Proxectos piloto tipo A**, que se tratan de iniciativas en Estados membros para demostrar a interoperabilidade de operacións comúns. Este tipo de actuación só se contempla para a prioridade 1.1

**Proxectos piloto tipo B**, que tratan da posta en práctica de servizos innovadores baseados no uso das TIC, dirixidos a cubrir necesidades dos cidadáns, gobernos e empresas. Este tipo de actuación contéplase para as prioridades 1.2; 1.3; 1.4; 2.1; 2.2;

**Redes temáticas**, que tratan de formar un foro de actores interesados na materia para fomentar intercambios de experiencias e explorar novas formas de implementar solucións baseadas nas TIC. Este tipo de actuación contéplase nas prioridades 1.5; 1.6; 2.3; 3.1; 3.2; 3.3

O orzamento total dispoñible nesta candidatura ascende a **39 millóns de euros**.

As candidaturas de proxectos poderán presentarse ata o **9 de setembro de 2008**.



## Convocatorias vixentes

### eContentplus

[http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/econtentplus/calls/proposals/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/econtentplus/calls/proposals/index_en.htm)

O 19 de marzo tivo lugar o lanzamento dunha nova convocatoria de eContentplus que terá como data límite de presentación de candidaturas o **12 de xuño de 2008**.

Os obxectivos desta convocatoria corresponden aos estipulados no Programa de Traballo 2008 do programa e son os seguintes:

- ↳ Información xeográfica
  - o 3.1 Redes de boas prácticas para a información xeográfica
- ↳ Contido educacional
  - o 4.1 Redes de boas prácticas para o contido educativo
  - o 4.2 Proxectos focalizados para o contido educativo

#### ↳ Bibliotecas dixitais

- o 5.1 Redes de boas prácticas para a interoperabilidade de bibliotecas dixitais
- o 5.2 Redes de boas prácticas para o uso e servizos da Biblioteca Dixital Europea
- o 5.3 Proxectos focalizados en contido cultural
- o 5.4 Proxectos focalizados en contido científico/académico
- o 5.5 Unha rede temática para coordinar e apoiar a Biblioteca Dixital Europea



### MEDIA 2007

[http://ec.europa.eu/information\\_society/media/producer/tv/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/media/producer/tv/index_en.htm)

Ún dos obxectivos do programa MEDIA é promover, dentro e fóra da Unión Europea, a circulación de programas audiovisuais europeos producidos por sociedades independentes, fomentando a cooperación entre os radiodifusores e entre os distribuidores e produtores independentes.

A presente convocatoria de propostas está dirixida ás sociedades europeas con

actividades que contribúan á realización dos citados obxectivos, en particular as sociedades europeas de produción audiovisual independentes.

O orzamento total asignado ao cofinanciamento de proxectos ascende a **7,5 millóns EUR** e as solicitudes deberán enviarse á Axencia Executiva (EACEA) ao máis tardar o **22 de febreiro de 2008 e 13 de xuño de 2008**.



### Energía Intelixente Europa

[http://ec.europa.eu/energy/intelligent/index\\_en.html](http://ec.europa.eu/energy/intelligent/index_en.html)

Encóntrase aberta a convocatoria de propostas 2008 do programa Enerxía Intelixente Europa, que forma parte do Programa para a Innovación e a Competitividade (CIP).

Este programa conta con **45 millóns de €** para financiar proxectos de colaboración e/ou a creación de Axencias de Enerxía locais/regionais. Os proxectos de cooperación requiren un mínimo de tres socios de diferentes países da UE e as principais liñas

de financiamento céntranse nos seguintes temas:

- ↳ Eficiencia enerxética
- ↳ Transportes
- ↳ Iniciativas integradas
- ↳ Enerxías renovabeis

O prazo de presentación de candidaturas manterase aberto até o **26 de xuño de 2008**.



## Noticias

### A Comisión concédelle un papel ecolóxico ás tecnoloxías da información e a comunicación

[http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/sustainable\\_growth/energy\\_efficiency/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/sustainable_growth/energy_efficiency/index_en.htm)

Na súa loita contra o cambio climático, a Comisión Europea anunciou a súa intención de promover o uso das TIC para aumentar a eficiencia enerxética en todos os sectores da economía, empezando polos edificios, a iluminación e a rede eléctrica. As TIC poden favorecer un comportamento máis ecolóxico en todos os sectores e, se se xeneraliza o seu despregamento, contribuirán a reducir considerablemente a pegada de carbono de Europa. A Comisión vai animar ao sector das TIC a mostrar o camiño reducindo as súas propias emisións de CO<sub>2</sub> e definindo solucións que redunden en beneficio de toda a economía.

A Comisión vai animar ao sector das TIC, responsable na actualidade do 2% das emisións globais de CO<sub>2</sub>, a que dea exemplo para alcanzar a «neutralidade en carbono» mediante a intensificación da investigación, o desenvolvemento e a utilización de compoñentes e sistemas, todo iso complementado con acordos voluntarios, por exemplo en materia de contratación ecolóxica. Os auténticos beneficios dunhas

TIC ecolóxicas virán do desenvolvemento de solucións de eficiencia enerxética que repercutan sobre o 98% restante das emisións globais.

Para demostrar que unha tecnoloxía «verde» permite reducir as emisións de carbono e acelerar o crecemento en todos os sectores da economía, a Comisión vai centrarse en tres deles, grandes consumidores de enerxía:

- O sector da xeración e distribución de enerxía utiliza unha terceira parte de toda a enerxía primaria. A eficiencia enerxética da xeración de enerxía podería aumentar nun 40%, e a do seu transporte e distribución, nun 10%. As TIC poderían non só potenciar a eficiencia na xestión das redes eléctricas senón, ademais, facilitar a integración das fontes de enerxía renovable.

- O sector da calefacción, refrixeración e iluminación de edificios representa máis do 40% do consumo de enerxía en Europa. Grazas ás TIC é posible realizar un control de datos permanente para optimizar

o rendemento da iluminación, a ventilación e os aparatos, e ofrecer aos consumidores información actualizada en tempo real sobre o seu consumo de enerxía para propiciar cambios de comportamento.

- O 20% da electricidade xerada no mundo utilízase para a iluminación. A xeneralización das lámpadas enerxeticamente eficientes podería reducir á metade o consumo de enerxía para a iluminación de aquí a 2025. As lámpadas intelixentes, que se adaptan de forma automática á luz natural e á presenza de persoas, van ter un efecto aínda máis importante.

A Comisión puxo en marcha, ademais, un proceso de consulta e asociación co abano máis amplo posible de interesados. Nese proceso, as cidades considéranse prioritarias, xa que consumen máis do 75% da enerxía e producen o 80% das emisións de CO<sub>2</sub> a escala mundial. As zonas urbanas poden ser o terreo ideal para poñer a proba, validar e poñer en práctica novas solucións baseadas nas TIC.



### Balance das negociacións sobre os novos programas operativos

[http://ec.europa.eu/regional\\_policy/atlas2007/fiche\\_index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/regional_policy/atlas2007/fiche_index_en.htm)

[http://ec.europa.eu/employment\\_social/esf/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/employment_social/esf/index_en.htm)

Tras negociar os 450 programas operativos que van permitir aplicar a política de cohesión 2007-2013, a Comisión procedeu a analizar o contido dos devanditos programas. E fíxoo por medio dunha Comunicación recentemente adoptada, na que a Comisión ofrece unha idea máis precisa das prioridades elixidas polos Estados membros e as rexións. Asistimos a un cambio real no seo da política de cohesión, na medida en que se tiveron verdadeiramente en conta os obxectivos europeos definidos na “estratexia de Lisboa”. As rexións europeas aprópanse, así, de novos retos como a globalización, o cambio climático, os fenómenos migratorios ou o envellecemento da poboación.

Os Estados e rexións asumiron importantes compromisos a través destes programas, que agora só queda poñer en práctica. A Comisión encargárase, pola súa parte,

de garantir a correcta aplicación e desenvolvemento da programación, para o que conta tamén coa axuda dos axentes sobre o terreo, aos que esta vez se tivo máis en conta que no pasado no transcurso das negociacións.

A UE investirá un total de 347,4 billóns de Euros en Política de Cohesión no período 2007-2013. Os Estados Membros definiron, para iso, unha serie de claros obxectivos:

1. A investigación e a innovación convértese, neste período, en importantes prioridades. Máis de 86 billóns de Euros —o que equivale ao 25% dos fondos da política de cohesión— destinaranse a aproximarse ao obxectivo da Estratexia de Lisboa de incrementar ata o 3% do PIB o gasto en I+D. No caso de España, aínda que o investimento decreceu se o comparamos co período 2000-2006, o gasto en I+D achégase

aos 8 billóns de euros, un 23% do presuposto total.

2. As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son elementos moi importantes para fomentar o desenvolvemento rexional. O investimento da Política de Cohesión en servizos de TIC e infraestruturas espera que sexa de máis do dobre da que houbo no anterior período de programación (2000-2006)
3. O apoio ás empresas, especialmente ás pequenas e medianas empresas, leva máis de 27 billóns de Euros (8% dos fondos da política de cohesión)
4. Investiranse preto de 26 billóns de Euros para mellorar a calidade e a dispoñibilidade do ensino e formación.
5. En mellorar a calidade do medioambiente investiranse uns 105 billóns de euros.

As rexións europeas aprópanse, de novos retos como a globalización, o cambio climático, os fenómenos migratorios ou o envellecemento da poboación.

## Axenda

3-4 de xuño 2008

### Conferencia no Marco Europeo das pequenas empresas.

Máis de 40 países presentarán as súas medidas políticas máis exitosas en materia de PEMES en temas como a internacionalización das pequenas empresas, a redución de trámites administrativos e o ensino empresarial a todos os niveis educativos.

**Organiza:** Comisión europea e Presidencia eslovena.

**Lugar:** Bled (Eslovenia)

10-11 de xullo 2008

### Oitava Conferencia Europea de e-Government

O mellor lugar para tratar das últimas investigacións en material de e-Government.

**Lugar:** Ecole Polytechnique, Lausanne, Switzerland

<http://www.academic-conferences.org/eceg/eceg2008/eceg08-home.htm>

15-17 xullo 2008

### Congreso Internacional sobre “Coñecemento libre, tecnoloxía libre: educación para unha sociedade da información libre”

O congreso centrarase na produción e a difusión de materiais de educación e formación no eido do software libre e os estándares abertos.

**Lugar:** Barcelona

<http://fkft.eu>

6-9 de outubro 2008

### OPEN DAYS 2008: «As rexións e as cidades nun mundo cheo de desafíos»

A sexta edición de OPEN DAYS, a Semana Europea das Rexións e as Cidades.

**Organizan:** Comité das Rexións e Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea.

**Lugar:** Bruxelas

<http://www.opendays.europa.eu>

25-27 de novembro 2008

### TIC 2008: “I” para o futuro: Invención, Innovación, Impacto.

**Organiza:** DX Sociedade da Información

**Lugar:** Lyon (Francia)

[http://ec.europa.eu/information\\_society/events/ict/2008/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm)

## Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:  
[info@fundacioncalidade.org](mailto:info@fundacioncalidade.org)